

Xoves 5 de xaneiro



Cabalgata de Reis

Un ano máis, chega unha data moi sinalada para os cativos e cativas da casa. Dende o Concello de Moraña, queremos facer partícipes a todos os veciños e veciñas na Cabalgata de Reis.

As tres carrozas dos Reis Magos farán un percorrido por todas as parroquias do concello co seguinte horario:

Ás **16.00h** comezaremos no Campo de Lebón, O Covelo (16:10), Campo da Festa de Alberguería (16:20h), Igrexa de Saiáns (16:35h), Igrexa de Rebón (17:00h), Soar (17:25h), Cosoirado-Cemiterio (17:40h), Capela dos Milagres de Amil (18:10h), Casa Gíao-Sorrego (18:25h), Marquesina de Paraños (18:35h), Molina-Alende (18:50h), Parque da Bouza (19:00), Carballeira de Santa Xusta (19:15h), Fonte de Trambosríos (19:30), Marquesina de Penagrande (19:40h), Pumariño (19:45h), Carballeira do Souto (19:50h).

A partir das **20:15h** a Cabalgata fará o seu percorrido polas rúas de Santa Lucía acompañada pola Banda de Música Nova Lira de Moraña.

Ó rematar os nenos e nenas poderán entregarlles as súas cartas aos Reis Magos na Aldea do Nadal.

O Concello convidará a todas as persoas asistentes a chocolate con rosca.

Vive Moraña no Nadal



NADAL

2022-23



CONCELLO DE **MORAÑA**



Calendario de Nadal



Exposición postais Nadal 2022



Na Casa da Cultura ADR Castelao poderedes visitar a exposición das postais de Nadal realizadas polo alumnado de primaria e secundaria do CPI Plurilingüe Santa Lucía.

Recollida solidaria de xoguetes novos

Amigos de Galicia axúdanos a compartir a ilusión de todos os nenos e nenas por ter un xoguete nestas festas. Facemos unha recollida solidaria na Biblioteca ata o **21 de decembro**.



Recollida solidaria de alimentos

Cáritas Parroquial de Moraña recollerá **os días 22 e 29 de decembro** os alimentos depositados na biblioteca para que ningún veciño ou veciña de Moraña quede sin celebrar estas festas no seu fogar. Poden entregar alimentos non perecedeiros en calquera data. Os alimentos frescos deberán entregarse preferiblemente o día anterior á data de recollida.



Xoves 29 de decembro

Maxia

Ás **19:00 horas**, no **Multiusos**.

O Mago Charlangas invítanos a viaxar a través do tempo co seu espectáculo Atemporal, onde se mesturan a maxia e o teatro creando unha historia na que navegaremos pola nosa imaxinación.

Un número de ilusionismo co que gozaremos de xogos con cartas, bólas, moedas e máis sorpresas que nos farán pasar unha leda xornada chea de maxia.

Venres 30 de decembro

Concerto de Fin de Ano

Ás **20:00 h.**, no **Multiusos**, A Banda de Música Nova Lira de Moraña xunto coa Coral Voces Amigas serán as encargadas de amenizar a velada para que despedamos o ano da mellor maneira.



Luns 26 e martes 27 de decembro

Cousiñas de Nadal

Ás **17:00 h.**, obradoiro para nenos e nenas a partir de 5 anos.

Darémolles unha segunda vida a eses obxectos que xa pensabamos tirar ao lixo para que os nenos e nenas decoren as súas casas e tomen conciencia da importancia de reutilizar.

O luns será para participantes de 5 a 7 anos.

O martes, a partir dos 8 anos.

Inscribirse con anterioridade na Biblioteca.

Prazas limitadas



Mércores 28 de decembro

Cine: Klara y la Navidad en la granja

Ás **19:00 horas**, no **Multiusos**, proxectaremos Klara y la Navidad en la granja, comedia familiar navideña na que Klara buscará a oportunidade para levar un ambiente navideño á granxa onde vive coa axuda dun descarado elfo.

Unha boa oportunidade para compartir en familia unha tarde de cine.



Sábado 10 de decembro

Inauguración alumeado de Nadal

Ás **19:00 horas**, na **Carballeira de Santa Lucía** acompañados pola Banda de Música Nova Lira de Moraña estaremos o **Marabilloso Alumeado do Nadal**. Máis luces, máis decorado, novas figuras e moitas sorpresas.

Pero a gran novidade deste ano será para os máis cativos e cativas, que terán preparado o escenario perfecto para divertirse nestas vacacións navideñas. Recreamos un espazo onde a creatividade, orixinalidade e colorido están representados, a **Aldea Infantil Navideña**, realizada polo Obradoiro de Emprego Ulla-Umia VI. Papá Noel, casiña dos elfos, establo, fábrica de xoguetes, tren de aventuras, pozo dos desexos, e mil sorpresas.

Moraña ten Belén. Inauguración do Belén artesanal

A continuación, no **Multiusos**, acompañados pola Banda de Música Nova Lira de Moraña e a Coral Voces Amigas, **inauguraremos o Belén artesanal** realizado pola Asociación de Mulleres Rurais O Menhir. Un Belén diferente, orixinal e que cada ano nos presenta unha estampa diferente que nos achega un pouco máis ao patrimonio morañés.



Venres 16 de decembro



Exposición de pintura

Ás **20:00 h.**, no **Multiusos**, inauguraremos una magnífica exposición de pintura a cargo das artistas **Elsa García Ospina e Mar Amorrortu Mesones**, baixo o título “Moraña é Arte”, con cuadros de temática de Moraña e do mar.

Festival da Escola Municipal de Música



Ás **20:30 h.**, tamén no **Multiusos**, os nenos e nenas da ESMU deleitarannos cun concerto no que predominará a música tradicional do Nadal.

Sábado 17 de decembro

Teatro

Ás **20:00 h.**, no Multiusos teremos teatro para toda a familia. Expresión Producións representará a obra *Trío de Ases*. Tres **personaxes diferentes** con tres **personalidades distintas...** que coa axuda de todo o público, serán os encargados de facernos pasar momentos **SORPRENDENTES!!!**



Trío de Ases é un **espectáculo terapéutico** moi peculiar. Totalmente recomendado para renovar a enerxía positiva perdida durante o día, coa risa e a ilusión como pócima máxica para cumprir este propósito.



Domingo 18 de decembro

XX Certame de Corais

A Coral Voces Amigas de Moraña organiza o XX Certame de Corais, no que estarán acompañados pola Coral Don Diego de Muros e a Coral A Barcarola de Pontecesures.



Terá lugar no **Multiusos** ás **18:00 horas**.

Mércores 21 de decembro

O buzón viaxeiro



Este día recolleremos nas escolas do concello as cartas escritas polos máis cativos e cativas. Estas, serán depositadas no Buzón Especial instalado para a ocasión na Aldea do Nadal.

Venres 23 de decembro

Visita de Papá Noel a Moraña

Actividade financiada pola Deputación de Pontevedra, con cargo ao Plan Concellos 2022. Liña 2.



As 17:00h. Directamente dende Laponia, Papá Noel visitará a Aldea do Nadal e traerá con el a uns bonecos de neve, que xunto cos seus renos compartirán a ilusión destas festas con todos os nenos e nenas.

A partir das 18:30h. visitará os comercios, tendas e negocios do centro de Santa Lucía.